

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AUTORIZA AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE RENOVACION DOS PERMISOS DE EXPLOTACIÓN A PÉ DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE ARCADE

Feitos

1. Mediante resolución do 3 de febreiro de 2023 da Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo apróbase o calendario de renovación dos permisos de explotación de marisqueo a pé para o ano 2024. Para a presentación de solicitudes de renovación do ámbito da Confraría de Pescadores de Arcade establécese o prazo dende o 14 de febreiro ata o 10 de abril de 2023.
2. O 5 de abril de 2023 a Confraría de Pescadores de Arcade solicita unha prórroga do prazo para a presentación da documentación no procedemento de renovación dos permisos de marisqueo a pé, ata o final do mes de abril do presente ano.

Consideracións legais e técnicas

1. No capítulo III da Orde do 15 de xuño de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establécese o procedemento de renovación dos permisos de marisqueo a pé.
2. O artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que a Administración poderá conceder unha ampliación dos prazos establecidos que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e non se prexudican dereitos de terceiros. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados.

Á vista do exposto, esta xefatura territorial **ACORDA:**

Xefatura Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal



Ampliar o prazo de presentación de documentación relativa ao proceso de renovación dos permisos de marisqueo a pé da Confraría de Pescadores de Arcade ata o **28 de abril de 2023**.

Esta Resolución notifícase á Confraría de Pescadores de Arcade e tamén se publicará no taboleiro de anuncios da Xefatura Territorial de Vigo e na páxina web: <http://mar.xunta.gal>. Tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das xefaturas comarcais correspondentes e da entidade asociativa.

A Xefa Territorial

Sonia Lorenzo Santos

